

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XUÑO DE 2016**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	7
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	10
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	11
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	16
6	PRECIPITACIÓN .....	17
6.1.	Precipitación acumulada mensual Xuño 2016.....	17
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	18
6.3.	Días de chuvia en xuño de 2016 .....	19
6.4.	Evolución da precipitación en xuño de 2016 .....	21
7	VENTO .....	22
8	RADIACIÓN SOLAR .....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	27
9	RAIOS.....	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 15-07-2016



**Mes dentro da normalidade, tanto en temperatura como en precipitación.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño foi bastante típico da transición entre un tempo caracterizado polas borrascas a outro no que as altas presións aparecen máis frecuentemente. Así, aínda tivemos a chegada da derradeira borrasca intensa a mediados do mes, pero tamén dous períodos a principios e finais deste xuño de anticiclón con elevadas temperaturas. As anomalías compénsanse e polo tanto a media sitúase en xeral preto da normalidade.

Os primeiros 5 días foron anticiclónicos con ventos do nordés que en xeral deixaron tempo seco, bastante soleado e cun importante contraste térmico entre o norte e o sur de Galicia, con termómetros que no sur superaban puntualmente os 30°C, mentres que no extremo norte se rexistraban valores inferiores en todo momento aos 20°C.

A xornada do 6 marcou unha ruptura desa influencia anticiclónica con achegamento dunha baixa non moi activa dende o Atlántico, o que propiciou un aumento das nubes e algunhas chuvias de carácter feble.

Nos días 7 e 8 volvemos á influencia anticiclónica que ademais de aportar estabilidade, achegou aire cálido procedente do sur da península Ibérica, polo que as temperaturas foron algo máis elevadas que no episodio dos primeiros días do mes.

O período entre o día 9 e o 13 quedou marcado por situacións intermedias, coas altas presións sobre Azores, pero algo desprazadas cara ao sur, e as baixas presións circulando polo Atlántico norte, entre Terranova e Irlanda. Deste xeito, a dirección predominante dos ventos nesas xornadas foi de compoñente oeste, polo que as masas de aire foron algo máis frescas e húmidas que as dos primeiros 8 días de forma que, en xeral, tivemos un aumento de nubes, un descenso de temperatura e algúns episodios de chuvia feble e intermitente afectando principalmente ao litoral atlántico.

Este equilibrio entre altas e baixas presións rompeuse a favor das borrascas nas xornadas do 14, 15 e 16, cando o achegamento das baixas presións deixaba 3 xornadas de chuvias xeneralizadas, que o día 15 foron especialmente persistentes e intensas na metade oeste e cun importante descenso das temperaturas.

Os días 17 e 18 foron de transición, coas altas presións achegándose de novo. Aínda se rexistraron algunhas chuvias, pero xa cun carácter máis feble e ocasional que as dos 3 días anteriores, quedando as chuvias restrinxidas ao terzo norte na xornada do 18.



Entre o 19 e o 22 as altas presións dominaron a situación. Os días 19, 20 e 21 foron de ceos maioritariamente despexados, con ascenso progresivo das temperaturas, facendo que a xornada do 21 fose a máis calorosa de todo o mes, con moitos puntos da Comunidade superando os 30°C.

Na xornada do 22 continuaron as características anticiclónicas en superficie, pero a presenza de aire algo máis frío en capas medias e altas da atmosfera propiciou a formación de tormentas e chuvascos importantes nas zonas de montaña da provincia de Ourense e no centro e leste da provincia de Lugo.

O día 23 tivemos a entrada de aire máis fresco que o de xornadas anteriores, polo que aumentaron as nubes, descenderon as temperaturas e mesmo se rexistraron algunhas chuvias febles.

Na xornada do 24 fóronse recuperando as condicións anticiclónicas e os derradeiros días do mes, entre o 25 e o 30 a estabilidade foi a nota predominante, con predominio de tempo seco, ventos intensos do nordés e temperaturas, que agás en puntos do interior, non foron demasiado elevadas polo achegamento dalgún sistema frontal que deixaba nubes e descensos de temperatura no litoral.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

As anomalías de presión tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2) non amosan variacións moi significativas comparando coa climatoloxía preto da península Ibérica, reflectindo a normalidade deste mes, con períodos anticiclónicos ao principio e ao final e baixas presións na parte central. Como máis salientable podemos descartar que as presións si foron algo máis baixas do normal en superficie ao norte de Galicia, collendo o Atlántico e tamén puntos de Inglaterra e o norte de Europa, onde as influencias anticiclónicas non estiveron apenas presentes na parte final do mes, ao contrario do que sucedeu en Galicia.



### Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Xuño 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

### Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa Xuño 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de MeteoGalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

##### A CORUÑA

	XUÑO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.3	17.4	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	15.0	14.3	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	12.0 (día 2)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	17.4 (día 12)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	19.5	20.5	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	21.8 (día 11)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	17.1 (día 15)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	49	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	8	7	18 (1935)	1 (1962)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas, e frío para as máximas. Como resultado disto a temperatura media resultou normal.

A precipitación rexistrada foi lixeiramente superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016



## SANTIAGO

	XUÑO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	17.6	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	12.4	12.6	14.2 (2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 11)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	16.7 (día 23)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	22.5	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	28.2 (día 7)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.4 (día 15)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	34	37-47	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	20 (1997)	1 (1996)

*Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada está lixeiramente por debaixo do rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de día de chuvia tamén foi inferior ao agardado.*

*\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016*

## LUGO

	XUÑO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.4	16.8	19.5 (2004)	14.9 (1992)
Tª mínima media	11.4	11.0	12.9 (2005)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 11)	2.8 (11/06/2001)		
Tª mínima máis alta	16.3 (día 23)	17.5 (06/06/2004)		
Tª máxima media	23.4	22.6	27.6(1976)	17.9 (1972)
Tª máxima absoluta	30.2 (día 21)	36.1 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.2 (día 15)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	35	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	4	6	16 (1982)	1 (2011)

*Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas, se ven no caso das mínimas o aumento de temperatura foi discreto.*

*A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, sen embargo, o número de días de chuvia é inferior ao agardado.*

*\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016*





### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.9	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	13.9	13.0	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	10.2 (día 11)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	17.5 (día 22)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	23.9	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	31.1 (día 27)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	16.8 (día 15)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	63	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	7	7	15 (2012)	0 (1962)

*Comentario:* Mes normal en canto as medias e as máximas, mentres que as mínimas foron máis alto, resultando neste caso o mes moi cálido.

A precipitación rexistrada foi lixeiramente superior ao rango de valores normais, considerándose o mes húmido. O número de días de chuvia foi o agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2016. Temperatura: 1958-2016

### OURENSE

	XUÑO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.4	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	13.0	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	7.7 (día 1)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	17.7 (día 22)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	27.8	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	35.7 (día 21)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.1 (día 15)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	23	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	14 (1988)	0 (2011)

*Comentario:* Mes lixeiramente cálido tendo en conta as medias e as mínimas, mentres que para as máximas resultou normal.

A chuvia rexistrada foi lixeiramente inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia foi inferior ao agardado.


\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2016



## 5 TEMPERATURA

Os valores medios de temperatura non presentan anomalías moi significativas en ningún punto da Comunidade, quedando en xeral os valores medidos a menos de 1°C de diferenza da media climática. Isto é debido a que o período algo máis frío de mediados do mes foi compensado polos anticiclóns dos primeiros e derradeiros días.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2016.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 21.8 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña ourensá e no norte da Comunidade, destacando a Mariña Luguesa e Cabo Ortegal, con valores por debaixo dos 14 °C e os valores máis altos (preto dos 29 °C) rexistráronse, principalmente na zona da Comarca de O Ribeiro.



## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño para o territorio galego foi de 11.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na alta montaña ourensá e na comarca de A Limia e as Serras do Testeiro e o Xistral, por debaixo dos 5 °C e os máis altos en todo o litoral galego, onde se acadaron valores de case 16 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2016.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xuño, tendo en conta a media dos valores do mapa, estivo dentro dos valores normais. Como se pode ver no mapa da figura 3, houbo un gran contraste entre a zona de Fisterra e o resto da Comunidade, principalmente, a Terra Chá luguesa e a zona de Verín. En Fisterra, acadáronse anomalías negativas de ata -0.97 °C respecto ao valor normal do período 1981-2010. As anomalías máis altas, sen embargo rexistráronse na zona de Verín, e parte da comarca de Vigo, onde se acadaron anomalías positivas de ata 1.3 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño respecto ao período 1981-2010.



A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente na comarca de Verín e na Terra Chá luguesa.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verín	Ourense	1.1
Gondomar	Pontevedra	1.1
Vilardevós	Ourense	1.1
Lugo	Lugo	1.1
Páramo (O)	Lugo	0.9
Oímbra	Ourense	0.9
Corgo (O)	Lugo	0.9
Guntín	Lugo	0.9
Outeiro de Rei	Lugo	0.8
Ríos	Ourense	0.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2016.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Fisterra	A Coruña	-0.8
Muxía	A Coruña	-0.8
Corcubión	A Coruña	-0.7
Camariñas	A Coruña	-0.7
Cee	A Coruña	-0.7
Carnota	A Coruña	-0.7
Laxe	A Coruña	-0.6
Muros	A Coruña	-0.5
Maceda	Ourense	-0.5
Entrimo	Ourense	-0.5

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. A zona de Fisterra foi a que rexistrou as anomalías máis baixas de temperatura, destacando tamén a Baixa Limia.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destacan as xornadas do 21 e 22 de xuño con temperaturas próximas ou superiores aos 30 °C en moitas localidades e a ambas altitudes..

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2016</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>Estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
21/06/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	36.9
21/06/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	36.6
22/06/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	35.8
21/06/2016	Ourense	Ourense	Ourense	35.7
21/06/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	35.4
22/06/2016	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	35.3
21/06/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	34.9
22/06/2016	As Petarelas	Rubiá	Ourense	34.7
21/06/2016	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	34.6
21/06/2016	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	34.5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2016 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2016</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>Estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
22/06/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	29.9
21/06/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	28.6
22/06/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	28.4
22/06/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	28.0
22/06/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	27.8
21/06/2016	Xurés	Muiños	Ourense	27.5
22/06/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	27.0
22/06/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	26.8
22/06/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	26.6
22/06/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	26.5

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2016 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A primeira xornada do mes de xuño foi a máis fría a altitudes baixas, mentres que por riba dos 1000m destaca a xornada do 15 de xuño.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/06/2016	Xares	A Veiga	Ourense	0.2
15/06/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.5
15/06/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.9
11/06/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	2.8
18/06/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.9
15/06/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	2.9
15/06/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.0
15/06/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.2
15/06/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	3.5
15/06/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.6


**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/06/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	1.2
01/06/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.3
02/06/2016	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.4
01/06/2016	Baltar	Baltar	Ourense	3.1
01/06/2016	Morelle	Sarria	Lugo	4.1
01/06/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.4
15/06/2016	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	4.4
01/06/2016	Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	4.5
01/06/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	4.7
01/06/2016	Portomarín	Portomarín	Lugo	4.7

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2016 altitude inferior a 1000m.


## 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 17.8 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.03 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. As máximas tamén presentaron valores normais, mentres que as mínimas foron moi lixeiramente cálidas.



**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1981-2010.





## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron marcadas principalmente pola borrasca que nos días 15 e 16 deixaba chuvia xeneralizada e por momentos de intensidade moderada, pero que aínda así en xeral non foi suficiente para achegarse ao valor normal neste mes. Isto explica o déficit de chuvia en puntos como Ourense, oeste de Pontevedra e A Coruña ou norte de Lugo. O outro episodio importante de precipitación tivo que ver coas tormentas da tarde do 22 que deixaron chuvascos intensos en puntos da provincia de Lugo, deixando un exceso de chuvia en puntos desta provincia.

A chuvia media no mes de xuño obtida a partir dos valores do mapa foi de 54 L/m<sup>2</sup>. Os lugares máis afectados pola precipitación, principalmente convectiva, foron os das provincias de Lugo e Ourense, ademais destaca a Comarca de Ferrol e a Serra do Suído cos valores máis altos de precipitación (126 L/m<sup>2</sup>). Os valores máis baixos acadáronse na Comarca de Valdeorras.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual Xuño 2016





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2016.



## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Terra de Lemos e na Comarca de Ferrol, con valores 108% por riba do normal. Isto contrasta con outras zonas da Comunidade como a Comarca de Valdeorras onde choveu ata un 87% menos do normal. No conxunto da Comunidade o mes considérase normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2016.



### 6.3. Días de chuvia en xuño de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 6.8. Os valores máximos obtivéronse principalmente no norte da Comunidade, acadándose case 12 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron na zona de Verín e a Comarca de Valdeorras con tan só 2 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de xuño de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xuño. Os rexistros máis altos de precipitación recolléronse principalmente na xornada do 15.

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Ancares	Cervantes	Lugo	121
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	109
Aldea Nova	Narón	A Coruña	98
Fontaneira	Baleira	Lugo	98
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	97
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	97
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	97
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	95
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	90
Pereira	Forcarei	Pontevedra	90

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2016.


Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	63	15/06/2016 2:00
Armenteira	Meis	Pontevedra	48	15/06/2016 0:30
Anova	Narón	A Coruña	47	15/06/2016 2:40
Ancares	Cervantes	Lugo	46	15/06/2016 16:40
OVal	Narón	A Coruña	46	15/06/2016 2:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	45	15/06/2016 14:00
Areeiro	Pontevedra	Pontevedra	42	15/06/2016 0:30
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	41	14/06/2016 16:50
Pereira	Forcarei	Pontevedra	40	15/06/2016 0:40
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	39	15/06/2016 0:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2016.




## 6.4. Evolución da precipitación en xuño de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 51 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 12:** Precipitación ó longo do período 1961-2016 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 0 % do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal, en contraste co xuño do ano pasado que resultou cálido e moi seco.



**Figura 13:** Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de xuño. Só se superou este limiar na estación de Xesteiras na xornada do día 26.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
26/06/2016	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	104.4

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores ós 100 km/h en xuño de 2016.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	91.5	NE	9		
		Día 1				
Pta. Candieira	Cedeira	87.9	NE	10		
		Día 14				
Malpica	Malpica	81.7	E	8		
		Día 14				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	59.9	NO	12		
		Día 14				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2016 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	58.9	E	18		
		Día 16				
Ancares	Cervantes	80.9	NE	9		
		Día 14				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de Xuño de 2016 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	66.2	O	13		
		Día 14				
Rodicio	Maceda	52.9	NE	12		
		Día 15				
Gandarela	Celanova	45.5	NO	42		
		Día 15				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	75.1	NO	15		
		Día 25				






PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	65.6	NO	4		
		Día 26				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2016 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




1727      2073      2419      2765

Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de Xuño de 2016.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 2472 raios en Galicia. A provincia que rexistrou un maior número de raios foi Lugo, mentres que o resto das provincias rexistraron moi poucos raios. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en xuño de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.





Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en xuño 2016.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2016.

**MeteoGalicia**  
**Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**  
**Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio**  
**Xunta de Galicia**







Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	15.7	21.9	28.6	21	9.3	5.1	17	40	19.8	15	-125	72	92	48	74	333	2770	11	51	13	904	5	0				
*A Portela	19.4	26.7	35.3	22	12.6	8.0	19	41	16.6	15	-120	70	97	42	62	278	2407	6	47	14	-	8	0				
*A Trabe	17.4	23.4	30.0	21	11.5	7.7	17	27	14.7	15	-148	69	89	46	72	323	2742	5	31	5	930	4	0				
Alto do Rodicio	14.5	19.6	27.8	22	9.7	5.3	11	67	35.7	16	-53	83	99	60	61	273	2184	12	53	15	908	10	0				
Amiudal	17.0	23.2	31.2	21	11.6	8.0	15	39	21.7	15	--	73	91	49	67	303	2583	11	61	14	955	7	0				
As Petarelas	17.9	25.7	34.7	22	11.0	6.8	11	31	13.6	15	-	68	92	40	67	301	2709	-	-	--	-	7	0				
Baltar	15.9	23.5	31.3	21	7.8	3.1	1	36	12.6	15	-113	77	100	43	64	289	2504	8	48	15	927	14	0				
Cabeza de Manzaneda	10.7	14.1	21.5	22	7.2	0.5	15	80	19.2	15	-39	77	97	50	52	236	2281	18	86	5	828	8	0				
*Calvos	14.2	21.1	29.0	21	6.0	1.3	1	50	27.3	15	-87	81	100	54	64	286	2482	8	46	14	-	6	0				
Casaio	14.6	19.2	26.6	22	10.2	3.5	15	23	12.0	15	--	69	89	47	-	-	-	6	51	14	-	4	0				
*Corzos	13.7	19.6	27.8	22	7.6	2.8	11	25	9.7	16	-	78	96	55	-	-	-	7	47	14	-	6	0				
Entrimo	16.6	22.9	29.9	21	10.7	6.6	18	43	22.9	15	-	77	96	53	65	292	2486	-	-	--	-	6	0				
*EVEGA Leiro	19.5	29.1	36.9	21	11.2	5.5	1	32	19.2	15	-	71	95	39	-	-	-	3	27	14	1006	8	0				
Gandarela	17.1	24.3	32.3	21	11.6	7.0	1	37	13.5	15	-104	78	96	53	61	275	2266	7	46	15	947	6	0				
Lardeira	12.1	16.2	23.4	21	8.3	0.9	15	29	11.1	15	-108	77	95	57	61	275	2497	15	78	14	842	6	0				
*Larouco	18.1	24.9	33.1	22	11.9	8.0	1	42	15.5	16	-	66	87	42	-	-	-	4	30	15	958	6	0				
Laza	17.9	25.1	33.4	21	10.9	7.4	19	43	17.0	15	-121	71	95	43	65	295	2521	7	50	15	-	7	0				
Monte Medo	16.7	23.1	31.4	22	10.5	4.5	1	49	16.6	15	-	76	97	49	61	273	2388	-	-	--	-	7	0				
O Invernadeiro	15.4	22.7	29.9	22	8.0	3.8	11	90	33.1	15	-57	73	95	48	67	304	2434	9	51	22	903	7	0				
Ourense	20.1	27.8	35.7	21	13.0	7.7	1	23	11.6	15	-	62	88	35	-	-	-	-	-	--	-	6	0				
Ourense-Estacións	20.4	27.8	35.4	21	13.9	8.9	1	26	12.6	15	-139	66	88	40	62	282	2399	5	33	24	1004	6	0				
*Pazo de Fontefiz	18.1	24.5	32.3	21	12.5	8.9	11	46	26.1	16	-111	69	87	46	57	256	2386	5	36	13	972	6	0				
*Ponte Boga	17.7	24.4	33.0	22	11.9	6.4	1	43	19.8	16	-111	67	86	43	55	247	2319	5	38	16	964	6	0				
*Prado	19.3	26.9	34.5	21	12.2	7.5	1	34	18.8	15	-	72	93	45	-	-	-	3	29	3	1004	6	0				
Remuíño	19.5	28.8	36.6	21	11.8	6.7	1	29	12.6	16	-127	74	97	42	59	264	2341	4	39	26	-	9	0				
*Riós	16.8	23.4	30.7	21	10.2	6.5	18	35	16.5	15	-118	75	97	49	55	249	2471	4	24	15	-	6	0				
San Xoán de Río	14.4	19.9	28.4	22	9.2	4.9	15	60	19.2	16	-55	84	99	60	53	241	2053	13	56	14	903	8	0				
Serra do Eixe	14.0	19.0	26.8	22	9.1	3.6	15	34	14.8	15	-112	77	96	53	65	292	2548	13	63	14	882	9	0				
Verín-Vilamaior	18.5	26.3	33.5	22	11.5	7.7	11	20	7.8	6	-136	71	94	43	64	288	2355	6	37	18	956	8	0				
Verín-Vilela	18.6	27.1	35.8	22	9.7	5.3	19	19	8.8	6	-147	72	98	42	68	304	2587	6	41	13	-	4	0				
Viana do Bolo	16.2	23.2	29.8	22	9.3	4.9	19	18	7.3	15	-125	77	98	50	66	299	2379	8	37	16	922	5	0				
Xares	11.6	15.5	23.6	22	7.6	0.2	15	39	14.2	16	--	75	96	54	64	290	2573	--	--	--	828	9	0				
*Xinzo	16.9	23.8	31.6	21	10.0	4.7	1	27	11.4	15	-119	80	99	55	61	275	2452	5	37	13	-	6	0				
Xurés	14.9	19.9	27.5	21	9.9	5.6	18	51	28.4	15	-97	76	95	54	66	295	2582	13	66	14	900	7	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 6

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Pontevedra</b>																												
*A Armenteira	16.9	22.1	30.2	21	11.7	6.2	1	81	47.6	15	-56	81	96	62	58	263	2321	6	43	26	-	43	26	-	11	0		
A Granxa	18.9	25.7	33.3	27	11.9	7.6	1	38	19.4	15	-110	76	97	51	60	269	2359	5	38	9	1014	38	9	1014	8	0		
A Lanzada	18.3	23.1	30.1	21	13.8	9.8	11	36	19.2	15	-106	78	92	60	67	302	2306	16	66	5	-	66	5	-	8	0		
*Areas	18.8	25.8	33.8	21	12.7	9.4	5	58	25.8	15	-	79	97	55	-	-	-	2	29	15	-	29	15	-	10	0		
*Areiro	18.1	23.0	29.2	21	13.6	10.2	11	61	41.8	15	-	78	92	60	-	-	-	4	35	26	1010	35	26	1010	7	0		
*As Eiras	18.7	24.1	31.4	27	13.3	10.0	5	30	9.6	14	-127	76	94	54	63	283	2525	4	35	26	1013	35	26	1013	8	0		
*Barrantes	18.1	23.4	30.4	21	12.6	8.6	11	42	31.8	15	-98	78	94	60	61	276	2291	4	41	26	-	41	26	-	8	0		
Caldas de Reis	17.4	23.7	31.4	21	12.5	9.4	11	61	30.9	15	--	78	97	53	56	253	2262	-	-	--	987	-	--	987	8	0		
*Camanzo	17.3	23.3	29.5	22	11.8	7.1	11	72	36.7	15	-61	81	97	58	53	240	2218	4	35	14	995	35	14	995	6	0		
Castro Vicaludo	15.9	19.2	27.1	21	12.7	9.2	15	30	8.0	15	-40	84	94	68	-	-	1747	12	59	15	963	59	15	963	9	0		
Castrove	16.7	21.4	29.6	21	12.7	9.7	15	74	36.2	15	-65	78	93	60	62	279	2288	12	83	26	969	83	26	969	9	0		
*Cequeliños	19.3	26.9	34.9	21	13.0	9.7	11	43	18.8	15	-120	73	95	46	62	279	2441	7	39	15	-	39	15	-	8	0		
Corón	18.3	21.9	28.9	21	15.1	12.1	11	39	22.6	15	-110	81	94	63	67	305	2574	18	73	26	1017	73	26	1017	8	0		
*Entenza	19.3	25.9	33.8	21	13.1	9.9	11	41	17.6	15	-106	75	97	49	52	232	2371	3	33	17	-	33	17	-	10	0		
Fornelos de Montes	16.2	20.4	29.1	21	12.3	7.9	18	109	36.6	16	-19	78	93	61	59	268	2126	13	75	25	938	75	25	938	11	0		
Illas Cíes	17.7	20.8	27.1	27	14.9	12.7	11	15	4.3	16	-130	83	94	70	67	302	2580	10	55	15	-	55	15	-	7	0		
*Louredo	17.3	23.3	29.9	21	12.1	9.3	1	37	16.3	15	-	81	96	59	-	-	-	3	32	28	990	32	28	990	7	0		
Lourizán	18.7	24.2	31.1	27	14.0	10.2	11	63	38.6	15	-80	81	96	61	58	262	2316	5	40	15	1013	40	15	1013	9	0		
*Meder	19.0	26.0	33.4	21	13.1	10.1	11	49	19.4	15	--	69	88	44	-	-	-	2	26	15	1001	26	15	1001	9	0		
Monte Aloia	16.7	22.3	31.9	21	12.4	9.5	1	58	18.6	15	-87	82	97	61	60	271	2438	8	46	15	963	46	15	963	8	0		
Mouriscade	16.0	22.6	30.4	21	8.9	1.2	1	37	20.0	15	-98	80	93	63	58	262	2279	6	40	14	961	40	14	961	13	0		
O Viso	17.6	23.9	31.3	27	12.7	10.1	11	28	10.7	15	-114	78	93	58	59	268	2285	10	56	26	987	56	26	987	9	0		
Ons	16.9	20.1	26.1	27	14.1	12.1	15	27	6.8	15	-113	85	95	73	72	323	2720	19	66	26	1005	66	26	1005	12	0		
*Pé Redondo	18.3	23.6	30.3	21	13.7	10.9	11	50	29.6	15	-85	79	94	61	53	241	2148	3	38	26	-	38	26	-	9	0		
Pereira	15.0	20.2	27.3	22	10.4	6.7	11	90	39.2	15	-	82	97	61	60	272	2432	-	-	--	937	-	--	937	15	0		
*Ponte Caldelas	17.0	22.0	29.5	21	11.9	7.1	11	69	32.2	15	-73	76	91	57	59	268	2311	5	37	26	977	37	26	977	10	0		
Pontevedra-Campolongo	19.5	25.4	31.8	27	14.4	10.1	1	61	34.4	15	-	71	88	52	-	-	-	3	39	15	-	39	15	-	9	0		
Queimadelos	18.2	25.5	33.6	21	13.3	10.5	18	20	5.4	13	-119	77	93	55	47	211	2093	3	43	26	976	43	26	976	8	0		
Rebordelo	16.6	22.4	30.5	21	10.4	5.6	11	95	32.1	15	-	81	98	59	60	273	2323	-	-	--	977	-	--	977	9	0		
Sanxenxo	18.4	23.1	30.9	21	14.2	10.2	15	49	26.2	15	-104	75	90	56	61	278	2444	5	38	26	1015	38	26	1015	8	0		
Serra do Faro	14.2	19.1	27.8	21	9.9	4.4	15	59	24.6	16	-69	79	94	58	55	247	2295	17	70	26	906	70	26	906	7	0		
*Simes	18.1	23.5	30.7	21	12.7	8.4	1	38	16.7	15	-112	77	94	58	62	280	2435	3	40	26	-	40	26	-	8	0		
*Soutomaior	17.9	23.1	30.4	27	13.3	9.8	11	30	14.5	15	-	70	84	51	-	-	-	3	28	16	999	28	16	999	8	0		
*Torrequintáns	18.4	23.5	31.2	21	13.5	9.4	11	44	29.4	15	-103	69	84	51	56	255	2275	5	42	14	1011	42	14	1011	11	0		
*Tremoedo	18.3	22.9	30.6	21	13.6	10.3	11	49	39.1	15	-	71	86	53	-	-	-	5	47	26	1011	47	26	1011	9	0		
Vigo	18.6	22.9	30.2	27	14.6	12.0	11	28	7.5	15	-	82	95	62	-	-	-	-	-	--	-	-	--	-	8	0		
Vigo-Campus	16.6	20.2	28.2	27	13.4	10.3	15	49	20.7	15	-103	76	90	58	65	293	2517	6	49	15	966	49	15	966	8	0		
Xesteiras	14.3	18.3	25.9	21	11.0	7.5	15	86	19.5	15	-	81	94	63	-	-	-	23	104	26	-	104	26	-	12	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.